

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**13672** *Real decreto 1103/2014, do 26 de decembro, sobre revalorización e complementos de pensións para o ano 2015 e outras normas en materia de clases pasivas.*

A Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, contén, dentro do seu título IV e disposicións concordantes, os criterios básicos para determinar o importe das pensións públicas, e fixa, con carácter xeral, a súa revalorización nun 0,25 por cento, de acordo coas previsións contidas nos artigos 48 e 27 dos textos refundidos da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, respectivamente, conforme a redacción dada polo artigo 7 e pola disposición derradeira terceira da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

Mediante este real decreto desenvólvense, en materia de clases pasivas, as previsións consideradas nas citadas normas legais e establécese a revalorización das pensións nun 0,25 por cento, calquera que sexa a súa lexislación reguladora, salvo as excepcións legalmente previstas na referida lei. Así mesmo, fíxanse neste real decreto as regras e o procedemento para efectuar a revalorización e o sistema de concesión de complementos económicos para as pensións mínimas.

Debido ás súas especiais características, nun capítulo independente establécese a revalorización das pensións de clases pasivas recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea.

En definitiva, este real decreto dá cumprimento a través das mencionadas medidas a aquelas previsións legais, de cara a facilitar a súa rápida aplicación en beneficio dos colectivos afectados.

Por outro lado, harmonízanse coa Seguridade Social os requisitos para a acreditación da vivencia exixidos aos pensionistas de clases pasivas residentes no estranxeiro. Así mesmo, co fin de axilizar o procedemento de reintegro de percepcións indebidas, modifícanse determinados preceptos do Real decreto 1134/1997, do 11 de xullo, polo que se regula o procedemento de reintegro de percepcións indebidas e outras normas en materia de clases pasivas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

#### **Normas xerais sobre revalorización das pensións de clases pasivas para o ano 2015**

Artigo 1. *Incremento para o ano 2015 das pensións de clases pasivas.*

De conformidade co disposto nos artigos 37 e 41 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2015, as pensións aboadas por clases pasivas incrementaranse nun 0,25 por cento respecto das contías que lles corresponderían en 31 de decembro de 2014, salvo as reguladas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de

terrorismo, que se adaptarán aos importes que correspondan conforme a súa lexislación propia.

Artigo 2. *Pensións non revalorizables durante o ano 2015.*

Malia o disposto no artigo anterior, e en aplicación do establecido no artigo 42 da expresada Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, non experimentarán incremento ningún as seguintes pensións de clases pasivas:

a) Aquelas cuxo importe íntegro, sumado, se é o caso, ao importe íntegro mensual doutras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda 2.560,88 euros íntegros en cómputo mensual, cando o dito titular teña dereito a percibir 14 mensualidades ao ano ou, noutro suposto, 35.852,32 euros en cómputo anual.

b) As recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado e causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percíbese esta pensión por tal condición.

Artigo 3. *Pensións extraordinarias por actos de terrorismo.*

1. De acordo co establecido no artigo 42.un.a), parágrafo segundo, da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, así como no Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, as pensións extraordinarias de clases pasivas orixinadas en actos terroristas están exentas das normas excluíntes ou limitativas previstas no artigo 2.a) e no artigo 4.2.<sup>a</sup> deste real decreto.

2. No suposto de que, xunto con algunha das pensións mencionadas no número anterior, se tivese dereito a percibir en 31 de decembro de 2014 algunha outra pensión pública, as normas excluíntes ou limitativas antes citadas serán aplicables respecto destas últimas.

Artigo 4. *Regras para o incremento das pensións de clases pasivas.*

A aplicación do incremento establecido no artigo 1 deste real decreto axustarase ás seguintes regras:

1.<sup>a</sup> O incremento aplicarase ás pensións causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 sobre a contía mensual íntegra que percíbese ou lle correspondese percibir ao seu titular en 31 de decembro de 2014. Seguidamente procederase á súa actualización conforme as normas que sobre revalorización, concorrencia de pensións e limitación do seu crecemento se conteñen nas leis de orzamentos correspondentes, aplicando para o ano 2015 o incremento procedente.

2.<sup>a</sup> Para os efectos do disposto no artigo 43 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, o importe da pensión ou do conxunto de pensións aboadas con cargo ao crédito de clases pasivas que perciba un mesmo titular, unha vez aplicado o incremento procedente a cada unha delas, estará limitado á cantidade de 35.852,32 euros íntegros anuais, e comprenderase na dita cantidade tanto o importe das mensualidades ordinarias como o das pagas extraordinarias que puidesen corresponder.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos que se puidesen recoñecer ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, de mellora de pensións de clases pasivas, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1981, non se computarán, en ningún caso, para os efectos da aplicación do límite máximo de percepción establecido no parágrafo anterior.

No suposto de que nun mesmo titular concorran unha ou varias pensións de clases pasivas con outra ou outras pensións públicas, o valor da pensión ou conxunto de pensións de clases pasivas terá como límite unha cifra que garde coa de 35.852,32 euros íntegros anuais a mesma proporción que a dita pensión ou pensións teñan co conxunto total de pensións públicas que perciba o seu titular.

Este límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{CP}{T} \times 35.852,32 \text{ euros anuais}$$

«CP» é o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2014 pola pensión ou pensións de clases pasivas e «T» é o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro en termos anuais das outras pensións públicas en momento idéntico.

3.<sup>a</sup> Unha vez establecido para cada suposto e conforme as regras anteriores o límite anual máximo dunha pensión, ese límite dividirase entre o número de mensualidades ordinarias e pagas extraordinarias que, respecto da anualidade e conforme a lexislación aplicable, teñan dereito a percibir os pensionistas. A cifra resultante constituirá o importe mensual que percibirá o titular daquela pensión en cada mensuralidade ordinaria e paga extraordinaria.

#### Artigo 5. *Procedemento para a revalorización.*

1. A revalorización das pensións de clases pasivas para 2015 efectuaráase de oficio a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. Esta revalorización levarase a cabo tendo en conta os datos que constan respecto de cada titular de pensión en 31 de decembro de 2014. Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 21.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, calquera perceptor de clases pasivas poderá ser requirido para que facilite información respecto da súa situación económica cos efectos que na dita norma se preveñen.

3. De acordo coas previsións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, a revalorización terá carácter provisional mentres a Administración comprobe a procedencia da percepción da súa contía, en función das outras percepcións do titular dunha pensión ou pensións e das normas en materia de concorrencia e incompatibilidade que resulten aplicables en cada caso.

Se da elevación a definitiva da revalorización anteriormente efectuada se obtiver a evidencia de que se percibiron cantidades en exceso, o pensionista virá obrigado a reintegrar o indebidamente percibido. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que o interesado cometese na súa declaración falsidade ou omisión de datos, poderán serlle exixidas as correspondentes responsabilidades en que puidese incurrir.

## CAPÍTULO II

### Complementos para mínimos

#### Artigo 6. *Complementos económicos para as pensións de clases pasivas durante o ano 2015.*

1. De acordo coas previsións contidas no artigo 44 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, a aplicación de complementos económicos ás pensións do réxime de clases pasivas axustarase ás seguintes regras:

a) Poderá complementarse aquela pensión do réxime de clases pasivas, calquera que for a data en que se causou, que non alcance o mínimo correspondente que figura na columna A do cadro que se inclúe no número 2 deste artigo, sempre que se recoñecese ao abeiro da lexislación xeral na materia e que o seu titular non perciba durante o exercicio de 2015 ingresos de traballo ou de capital ou que, percibíndoos, non excedan 7.098,43 euros ao ano. Así mesmo, nas pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, será necesario residir en territorio español.

Non obstante, se o titular percibir ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo anterior, terá dereito a un complemento por mínimos

cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada non supere o límite correspondente da columna B do referido cadro fixado para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na diferenza entre ambos os dous importes, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais.

b) En caso de percibir un mesmo beneficiario varias pensións de clases pasivas, o complemento aplicarase, cando proceda, respecto daquela pensión que, en atención á súa natureza, teña asignado un importe maior na columna A do cadro que se inclúe no número 2 deste artigo.

c) A contía do complemento será a necesaria para que a pensión que se vai complementar, en cómputo íntegro mensual, incrementada, de ser o caso, co importe íntegro mensual de todas as restantes pensións aboables con cargo ao crédito de clases pasivas ou outras pensións públicas percibidas polo beneficiario, alcance o mínimo correspondente á columna A do mencionado cadro.

No suposto de que se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos aplicable, de ser o caso, serao na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

As pensións de viuvez causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, cuxo importe sexa equivalente ao da pensión compensatoria que lle tivese correspondido no momento da separación ou divorcio, non poderán ser complementadas.

d) O importe que hai que ter en conta será, para as pensións de clases pasivas, o que resulte unha vez revalorizadas estas de acordo co disposto neste real decreto e, para as restantes pensións de carácter público, o que estea a percibir o beneficiario no momento de presentar a solicitude de iniciación de procedemento en materia de complementos económicos a que se refire o artigo 7.2 seguinte.

Malia o disposto no parágrafo anterior, para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse ás rendas de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social, así como as pensións percibidas con cargo a unha entidade estranxeira, coa excepción establecida no seguinte artigo 9.3 relativa ao complemento de garantía das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea.

e) O complemento minorarase, ou, de ser o caso, suprimirase, na contía necesaria para que a suma, en termos anuais, da pensión revalorizada, xunto con todas as rendas de traballo ou substitutorias destas ou de capital, percibidas polo beneficiario, non supere o límite correspondente da columna B do cadro que figura a continuación.

Para estes efectos, o concepto de renda definirase conforme a lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, ben que se terán en conta, en todo caso, os ingresos correspondentes a calquera pensión de carácter público, estea esta sometida ou non ao mencionado imposto; as pensións de clases pasivas tomaranse no seu valor anual unha vez revalorizadas conforme o disposto neste real decreto; as restantes pensións públicas terán o valor anual que corresponda no momento de presentar a solicitude referida no artigo 7.2 seguinte, e as rendas de traballo e de capital tomaranse no valor percibido no ano 2014, deberanse excluír as deixadas de percibir por motivo do feito causante das distintas pensións, así como aquelas en que se probe que non deben ser percibidas no ano 2015.

Tamén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais, valoradas conforme a lexislación fiscal.

Para o recoñecemento dos complementos para mínimos das pensións de clases pasivas, dos rendementos íntegros percibidos polo pensionista e computados nos termos establecidos na lexislación fiscal, excluíranse os gastos deducibles nos rendementos íntegros procedentes do traballo, de actividades económicas e de bens inmoables.

2. Para os efectos do disposto no número anterior teranse en conta as seguintes contías:

	A Pensión mínima mensual – euros	B Ingresos anuais máximos – euros
Pensión de xubilación ou retiro cando existe cónxuxe a cargo do titular .....	782,90	18.059,03
Pensión de xubilación ou retiro sen cónxuxe: unidade económica unipersoal.....	634,50	15.981,43
Pensión de xubilación ou retiro con cónxuxe non a cargo...	601,90	15.525,03
Pensión de viuvez.....	634,50	15.981,43
Pensión ou pensións en favor doutros familiares; «n» é o número de beneficiarios da pensión ou pensións.....	$\frac{618,40}{n}$	$7.098,43 + \frac{8.657,60}{n}$

No suposto de pensión ou pensións en favor doutros familiares que fosen percibidas por varios beneficiarios, a cifra resultante da columna A do cadro anterior non será inferior a 193,80 euros mensuais respecto de cada un daqueles beneficiarios cuxos ingresos anuais non superen os que figuran na columna B. Non obstante, cando algún dos beneficiarios sexa orfo discapacitado menor de 18 anos, cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, a contía mínima que se lle deberá recoñecer ao dito orfo será de 381,40 euros mensuais, sempre que cumpra o requisito de límite de ingresos citado.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos que se puidesen recoñecer ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, non se computarán para os efectos da aplicación do mínimo establecido no cadro anterior.

Entenderase que existe cónxuxe a cargo do titular cando este estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del. Presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esta presunción se poida destruír de comprobar o contrario a Administración, e, para os mesmos efectos, entenderase que existe dependencia económica cando os ingresos do cónxuxe, por calquera concepto, non superen o salario mínimo interprofesional vixente.

3. Os complementos económicos regulados neste precepto, que se aboarán en doce mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias, todas elas de igual contía, non serán en ningún caso consolidables e serán absorbibles por calquera futuro incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa por revalorización ou polo recoñecemento no seu favor de novas pensións públicas. O importe dos ditos complementos das pensións causadas en 2015 en ningún caso poderá superar a contía de 5.136,60 euros anuais, fixada para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva no artigo 46.un da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2015.

4. De conformidade co disposto no artigo 21.5 do Real decreto 1288/1990, do 25 de outubro, sobre revalorización de pensións de clases pasivas para 1990 e complementos económicos destas durante o citado exercicio, poderán acceder ao dereito a mínimos os beneficiarios de pensión de clases pasivas que a obtivesen ao abeiro da expresada norma.

Artigo 7. *Procedemento en materia de complementos económicos.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas recoñecer e determinar os complementos económicos que procedan, de acordo co establecido no precedente artigo 6.

2. O procedemento iníciase por petición do interesado mediante solicitude dirixida á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas.

3. Á vista dos datos consignados polo solicitante do complemento económico e, se é o caso, da consulta informática ao Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, a citada dirección xeral ditará, sen máis trámites, a resolución que proceda, sen prexuízo de que esta sexa revisable de acordo co previsto no ordenamento xurídico.

Se a solicitude dos complementos económicos se formular, por vez primeira, durante o presente exercicio, os seus efectos económicos retrotraeranse, como máximo, ao 1 de xaneiro de 2015 ou á data de inicio da pensión se esta for posterior.

Non obstante, se a solicitude de tal recoñecemento se efectuar con ocasión de exercer o dereito ao cobramento dunha pensión cuxo feito causante se produciu no exercicio anterior, os efectos económicos poderán ser os da data de inicio daquela, cunha retroactividade máxima dun ano desde que se soliciten e sempre que se reúnan os requisitos necesarios para a súa percepción.

4. Se, unha vez recoñecidos os complementos económicos, se comproba a existencia dalgunha contradición entre os datos declarados e a realidade, o solicitante estará obrigado ao reintegro do indebidamente percibido, sen prexuízo da súa posible revisión en vía administrativa. Poderán deducirse, ademais, contra o solicitante outras posibles responsabilidades en que puidese incurrir de acordo co ordenamento xurídico.

Para os efectos desa revisión, e de acordo co disposto no artigo 21.2 do vixente texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, o pensionista deberá facilitarlle á Administración a información que formalmente lle sexa requirida e poderase suspender o pagamento do complemento en caso de incumprimento desta obriga.

5. O receptor dos complementos de pensión estará obrigado a poñer en coñecemento da Administración, no momento de se producir, calquera variación na composición ou contía dos ingresos declarados na solicitude, así como calquera variación do seu estado civil ou da situación de dependencia económica do seu cónxuxe respecto do inicialmente declarado. O incumprimento desta obriga, se del derivar a percepción indebida de cantidades, dará orixe ao reintegro destas.

6. Queda facultada a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas para ditar cantas instrucións de servizo poidan resultar convenientes, de cara a axilizar os trámites para a percepción dos complementos a que se refire este artigo.

Artigo 8. *Prohibición de concesión de complementos económicos en clases pasivas.*

1. No suposto de un pensionista de clases pasivas ter dereito a percibir, conforme as normas deste real decreto, un complemento económico e, por ser beneficiario ademais doutras pensións públicas, aboadas con cargo a réximes públicos de previsión diferentes, ter, así mesmo, dereito a algún outro complemento, conforme o disposto nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, non poderá percibir o complemento correspondente á pensión de clases pasivas salvo nos seguintes casos:

a) Cando as pensións dos distintos sistemas sexan da mesma natureza e o importe íntegro mensual da pensión de clases pasivas sexa de superior contía ao importe correspondente á outra pensión pública susceptible de ser complementada.

b) Cando as pensións que perciba o interesado sexan de distinta natureza e o importe mínimo mensual de pensión correspondente á de clases pasivas sexa de maior contía que o da outra pensión pública.

2. Nos dous supostos recollidos no número anterior non se poderá tomar en consideración o complemento económico a que puiden ter dereito o interesado pola pensión allea ao réxime de clases pasivas para determinar o importe do complemento que polo dito réxime lle corresponda, conforme as regras do artigo 6 deste real decreto.

### CAPÍTULO III

#### **Pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social**

Artigo 9. *Revalorización das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social.*

1. A revalorización das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea, das cales un tanto por cento da súa contía teórica estea a cargo do réxime de clases pasivas, levarase a cabo aplicando o dito tanto por cento ao incremento que correspondería de estar a cargo do citado réxime o 100 por cento da pensión.

2. Á pensión rateada, unha vez actualizada de acordo co disposto no número anterior, engadiráselle, cando así proceda en aplicación das normas xerais establecidas, o complemento para mínimos que corresponda conforme as normas contidas no capítulo II deste real decreto. O dito complemento calcularase aplicándolle a mesma porcentaxe que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión á diferenza resultante entre a contía que correspondería de estar a cargo do réxime de clases pasivas o 100 por cento da pensión e o mínimo establecido para a prestación de que se trate.

3. Se despois de aplicar o disposto no número anterior a suma dos importes reais das pensións recoñecidas, tanto en virtude da lexislación española como estranxeira ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea, for inferior ao mínimo que corresponda á pensión de que se trate, garantiráselle ao beneficiario, mentres resida en territorio nacional, a diferenza necesaria ata alcanzar o referido mínimo, de acordo coas normas xerais establecidas para a súa concesión.

### CAPÍTULO IV

#### **Outras normas en materia de clases pasivas**

Artigo 10. *Pagamento de pensións a residentes no estranxeiro.*

Os pensionistas residentes no estranxeiro acreditarán a súa vivencia, para os efectos de continuar percibindo a pensión que tivesen recoñecida, mediante a correspondente certificación do encargado do Rexistro Civil consular.

O documento orixinal mediante o cal se acredite a vivencia deberá presentarse no primeiro trimestre do ano. Unha vez transcorrido o prazo indicado sen recibir o dito documento, procederase a dar de baixa a pensión con efectos do 31 de marzo dese ano.

No caso de que se reciba o dito documento con posterioridade ao prazo establecido, procederase a rehabilitar a pensión, se é o caso, de acordo co disposto na disposición adicional décimo quinta do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Artigo 11. *Reintegro de percepcións indebidas.*

Modifícase o Real decreto 1134/1997, do 11 de xullo, polo que se regula o procedemento de reintegro de percepcións indebidas e outras normas en materia de clases pasivas, nos seguintes termos:

1. Dáse nova redacción á alínea d) do artigo 4.2 nos seguintes termos:
  - «d) Comunicación ao suxeito responsable de que dispón do prazo dun mes, contado a partir do día da notificación da resolución, para que ingrese a cantidade debida no Tesouro público en período voluntario.»
2. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Procedemento de recadación da débeda en vía executiva.*

Transcorrido o prazo dun mes, a que se refire o artigo 4.2.d) precedente, sen que o responsable do pagamento realizase o ingreso en período voluntario, esas cantidades serán recadadas en período executivo pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co disposto no artigo 3.1 do Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.»
3. Dáse nova redacción ás alíneas c) e d) do artigo 9.3 nos seguintes termos:
  - «c) Procedencia do reintegro das cantidades indebidamente percibidas mediante o procedemento de descontos mensuais, sinalando, pola súa vez, os prazos, o seu importe e a nómina a partir da cal se aplicarán os descontos fixados polo órgano competente.
  - d) No caso de que no trámite de audiencia o interesado optase polo reintegro da débeda total nun só pagamento, observarase o disposto no artigo 4.2.d).»
4. Suprímese o número 5 do artigo 9.

Disposición adicional primeira. *Complementos para mínimos e actualización doutras pensións de clases pasivas.*

1. Para o ano 2015 aplicaranse os complementos económicos regulados no capítulo II deste real decreto ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, de recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas, das forzas de orde pública e do corpo de carabineiros da República; así como ás recoñecidas a favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social a favor de viúvas, fillos e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada Guerra Civil; e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, sobre pensións aos mutilados ex-combatentes da zona republicana, e a aquelas outras causadas polo persoal das minas de Almadén.

2. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, con excepción das pensións de orfandade a que se refire o número anterior, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, de pensións aos mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores no ano 2015 ao importe establecido, para o citado exercicio económico, como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

Así mesmo, o importe das pensións recoñecidas en favor propio ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Adaptación de oficio dos complementos para mínimos.*

1. As pensións de clases pasivas a que se aplicasen complementos económicos durante o ano 2014 adaptaranse de oficio, e con carácter provisional, con efectos do 1 de



xaneiro de 2015, ás contías establecidas no artigo 6 deste real decreto, presumindo que os seus titulares reúnen as condicións e os requisitos exixidos no dito precepto, mentres os servizos administrativos correspondentes non comprobren a concorrencia das ditas condicións e requisitos.

2. Se da comprobación antes citada se deduce a ausencia dalgún requisito ou condición, procederá o cesamento inmediato no aboamento do complemento, con reintegro do indebidamente percibido por tal concepto desde, como máximo, o primeiro de xaneiro do ano 2015. Igualmente, se da dita comprobación deriva a necesidade de modificar a contía do complemento, practicarase a oportuna modificación, con reintegro do indebidamente percibido desde a data antes indicada.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 7.4, procederá retrotraer o reintegro do indebidamente percibido á data inicial en que o complemento económico se comezou a aboar en exercicios anteriores, ata un máximo de catro anos, se da comprobación efectuada resultar a evidencia de que o perceptor daquela cometeu algunha omisión ou falsidade na declaración presentada no momento de solicitar a aplicación do complemento, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir.

Disposición adicional terceira. *Actualización de importes de determinadas pensións.*

Para o cálculo das pensións de xubilación ou retiro e de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado, que se causen durante 2015 ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, a contía inicial que corresponda corríxirase mediante a aplicación da porcentaxe do 1 e 2 por cento, segundo proceda, establecida para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008 no punto catro das disposicións adicionais quinta e sexta, así como na disposición adicional décima, das leis 61/2003, do 30 de decembro; 30/2005, do 29 de decembro; 42/2006, do 28 de decembro, e 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004, 2006, 2007 e 2008, respectivamente.

Para tal efecto, computarase a mellora por fillo a cargo que poida corresponder nas pensións de viuvez por aplicación das leis 19/1974, do 27 de xuño, e 74/1980, do 29 de decembro.

Disposición adicional cuarta. *Actualización das axudas sociais do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público.*

De acordo co establecido na disposición adicional trixésimo primeira da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, as contías mensuais das axudas sociais en favor das persoas que resultaron contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), reguladas nas alíneas b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas alíneas citadas sobre o importe de 610,17 euros.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a disposición adicional terceira do Real decreto 647/1989, do 9 de xuño, polo que se ditan normas de desenvolvemento da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos para 1989, en materia de clases pasivas do Estado.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para disposicións de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para que dite as disposicións de carácter xeral que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e efectos económicos.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de que os efectos económicos se retrotraian, cando así proceder, ao 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO